

O VALOR SOCIAL DE DANO CEREBRAL GALICIA

EXERCICIO 2022



O VALOR SOCIAL DE DANO CEREBRAL GALICIA

EXERCICIO 2022



Edición: Federación Galega de Dano Cerebral (Dano Cerebral Galicia)

Elaboración do estudo: GEAccounting

Finalización do estudo: decembro 2023

Texto e maquetación: Sara Alonso Rodríguez (técnica de comunicación de Dano Cerebral Galicia)

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A

Depósito legal: C 792-2024

Segunda edición: xullo 2024

www.danocerebralgalicia.org

info@danocerebralgalicia.org

ÍNDICE

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL	p.7
1.1. Obxectivos estratéxicos da Federación.....	p.8
2. O INFORME: PUNTO DE PARTIDA	p.9
3. A MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL	p.10
3.1. Por que é útil a contabilidade social?.....	p.11
3.2. Terminoloxía.....	p.12
3.3. As magnitudes de valor.....	p.13
3.4. Obxectivos do estudo.....	p.14
4. AS FASES DO PROCESO	p.15
4.1. Definición dos grupos de interese.....	p.16
4.2. Definición das variables de valor.....	p.17
5. PRINCIPAIS RESULTADOS	p.18
5.1. Valor social de mercado.....	p.19
5.2. Valor social de non mercado.....	p.21
5.3. O retorno económico.....	p.23
6. CONCLUSIÓN	p.25

1. DANO CEREBRAL GALICIA


A **Federación Galega de Dano Cerebral (Dano Cerebral Galicia)** é unha organización non governamental, privada, independente, apartidista e aconfesional comprometida coa defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido (DCA).

Constituíuse en **2007** como resultado da unión das cinco asociacións galegas de dano cerebral: **ADACECO** (A Coruña), **ADACE** (Lugo), **Alento** (Vigo), **DCA-Ourense** e **Sarela** (Santiago). Desde entón, a Federación une, dinamiza e representa a este movemento asociativo, conformado por máis de 2.000 socias.

A súa principal misión é desenvolver a acción social, institucional e técnica que permita acadar a **autonomía** e a **mellora da calidade de vida** das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias.

Con esa meta no horizonte, ademais de coordinar e representar as súas asociacións, Dano Cerebral Galicia desenvolve **actividades e proxectos en diversas áreas**: información e sensibilización, formación, investigación e divulgación, incidencia política e defensa de dereitos, cohesión e fortalecemento institucional, asesoramento xurídico e, desde 2022, servizos sociosanitarios de proximidade.

A Federación, declarada asociación de utilidade pública desde 2013, forma parte de Daño Cerebral Estatal, do **CERMI-Galicia** e da **EAPN-Galicia**.



1.1. Obxectivos estratéxicos da Federación

Fortalecer a estrutura institucional para a mellora dos procesos organizativos e de xestión e asegurar a sustentabilidade económica da Federación.

5

Avanzar no crecemento da Federación a través do traballo conxunto das entidades e a expansión do movemento asociativo.

4

Mellorar o coñecemento e a atención ao DCA a través do impulso de proxectos e programas, especialmente con compoñente de innovación.

3

Estender o coñecemento do dano cerebral a través da sensibilización e a prevención, á vez que se amplía a proxección externa do labor da Federación e do movemento asociativo.

2

1

Consolidar o papel da Federación como referente principal na atención ao dano cerebral en Galicia.

2. O INFORME: PUNTO DE PARTIDA

En 2018 a Federación implantou a **metodoloxía da contabilidade social**, deseñada co obxectivo de determinar e cuantificar o valor que xera unha organización na sociedade, consciente de que as contas anuais resultaban insuficientes para reflectir o impacto da súa **misión estatutaria**: a defensa dos intereses da poboación galega con dano cerebral adquirido, así como a mellora da súa calidade de vida, incluíndo as familias.

Trala aplicación deste método no proxecto de investigación titulado 'Retorno social do investimento en atención sociosanitaria ás personas con dano cerebral e as súas familias', a Federación decidiu establecelo como un **proceso anual de avaliación da transferencia de valor** realizada conxuntamente coas súas entidades federadas a través dos programas de atención ao dano cerebral adquirido.

Tras catro anos de emprego da metodoloxía, Dano Cerebral Galicia **actualizou o seu enfoque en 2023**, separando a contabilidade social das liñas de actuación da Federación das actividades e servizos prestados polas cinco asociacións que a conforman.

Así, o estudo que se resume a continuación, realizado co asesoramento da asociación sen ánimo de lucro **Global Economic Accounting (GEAccounting)** en base ao modelo de monetización do valor social desenvolto pola UPV/EHU e a Universidade de Deusto, refírese exclusivamente á **contabilidade social de Dano Cerebral Galicia do exercicio 2022**.



3. A MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL

A contabilidade social xorde como resposta ás **limitacións da contabilidade tradicional**. Esta está formulada desde a **perspectiva das persoas accionistas ou inversoras**, polo que analiza a función económica das organizacións sen recoller as dimensións de transferencia de valor que son chave para coñecer a súa función social.

Na contabilidade clásica, o único valor explicitado de forma positiva é o **beneficio da actividade** económica. Aquel valor que se transfire a outras persoas (traballadoras, Administracións públicas, financiadoras...) considérase un gasto, aínda que poida ter unha repercusión positiva para elas ou para o conxunto da poboación. É dicir, é un enfoque que elude que **as empresas e organizacións interaccionan coa súa contorna**, deixando unha pegada nela.

Ademais, nesta perspectiva asúmese que os beneficios son un indicador suficiente para medir o valor que unha organización xera á sociedade, obviando que os bos resultados a nivel interno, reflectidos na conta de perdas e ganancias, non teñen porqué corresponderse cun **impacto** (social, medioambiental...) positivo.

Fronte a estas eivas da lóxica da maximización do lucro, a contabilidade social supón un **cambio de paradigma**. Posibilita a avaliación do labor de empresas e organizacións tendo en conta a perspectiva da achega que realizan á sociedade e non unicamente os beneficios que xeran. É dicir, permite ampliar a mirada e analizar a **contribución das entidades ao ben común**.

No caso da proposta metodolóxica aplicada en FEGADACE, chamada **monetización do valor social**, trabállase a partir dun sistema de información que permite identificar o valor xerado a través da percepción que teñen as persoas e colectivos cos que se interactúa. En concreto, emprégase o **modelo poliédrico**, no que se teñen conta aspectos inmateriais, intelectuais e/ou afectivos identificados por distintos axentes na súa relación coa Federación.

3.1. Por que é útil a contabilidade social?

A contabilidade social é un procedemento científico estandarizado e de uso universal. Debido a que permite complementar as métricas tradicionais, ten unha implantación cada vez máis frecuente en organizacións, tanto privadas como públicas, especialmente de economía social, de acción social e do sector sociosanitario.

Retorno

Permite reflectir a capacidade multiplicadora que ten unha organización e o retorno socioeconómico que xera o seu labor.

Proceso participativo

Realízase a través dun proceso de investigación participativo, no que están implicadas tanto persoas da propia organización estudada como persoas coas que esta se relaciona.



Planificación






Ofrece información útil para medir o grao de cumprimento da misión organizacional e, por tanto, para mellorar a planificación e accións desenvoltas para alcanzala.

Comparabilidade

Comparte a mesma unidade de medida, a monetaria (€), coa contabilidade tradicional, o que facilita a comprensión e comparabilidade dos resultados.


3.2. Terminoloxía

A metodoloxía da monetización do valor social supón o emprego dunha serie de conceptos técnicos cos que é preciso familiarizarse. A continuación, defínense as nocións máis relevantes para comprender o seu funcionamento.


 VALOR	 VALOR SOCIAL	 GRUPOS DE INTERESE	 VARIABLES DE VALOR	 MONETIZAR
Aspecto, tanxible ou intanxible, de transferencia entre unha organización e os seus diferentes grupos de interese. Pode ser positivo ou negativo, segundo o impacto que xere.	Cuantificación do impacto que xera unha organización na vida dun grupo de persoas ou colectivos segundo o perciben os seus propios membros, chamados grupos de interese.	Persoas ou entidades que, directa ou indirectamente, vense afectadas ou implicadas polas accións dunha organización. Son as encargadas de identificar as variables de valor.	Aspectos que os grupos de interese atribúen á actuación dunha organización.	Proceso consistente en transformar en unidades monetarias (€) e cuantificables as variables de valor identificadas polos grupos de interese.

3.3. As magnitudes de valor

A monetización do valor social permite realizar cálculos de múltiples ecosistemas de valor. Neste informe aludimos fundamentalmente a tres magnitudes: o valor social de mercado, o valor social de non mercado e o valor social integrado.




3.4. Obxectivos do estudo



4. AS FASES DO PROCESO

A metodoloxía empregada sistematiza o proceso de cálculo de valor social de non mercado través de cinco fases, algunhas das cales converxen no tempo. O estudo iniciouse en xullo de 2023 e rematou en decembro do mesmo ano coa elaboración do informe final.



4.1. Definición dos grupos de interesse

Identificáronse persoas representativas en cada un dos grupos de interesse co obxectivo de dialogar sobre o valor social que perciben que lles xera Dano Cerebral Galicia á súa entidade ou colectivo. En total, participaron na consulta 27 persoas, distribuídas en 17 entrevistas individuais e dous grupos focais.



**Persoas
con DCA
e familias**

3 entrevistas



**Cadro de
persoal da
Federación**

Grupo focal
de 5 persoas



**Asociacións
federadas**

Grupo focal
de 5 persoas



**Entidades
de segundo
nivel**

2 entrevistas



**Participantes en
actividades da
Federación**

1 entrevista



**Axentes
financiadores
privados**

1 entrevista



Alianzas

4 entrevistas



**Administracións
Públicas**

4 entrevistas




**Entidades
e persoas
provedoras**

2 entrevistas


4.2. Definición das variables de valor

O valor social de non mercado de Dano Cerebral Galicia calculouse a partir das 12 variables de valor identificadas polos grupos de interese durante o proceso de entrevistas e grupos focais. Son as seguintes:



5. PRINCIPALES RESULTADOS

O valor social integrado de Dano Cerebral Galicia en 2022 ascendeu a 1.058.325 €, dos que 254.177 € foron xerados por transaccións económicas e 787.186 € polo impacto social da actividade da Federación. Estas cifras non inclúen os fondos que se canalizan ás entidades, pero dada a súa importancia no financiamento da organización e na xeración de valor, están diferenciados e representados no denominado 'valor social inducido'.




5.1. Valor social de mercado

A continuación, preséntase brevemente o proceso de cálculo do valor social de mercado, atendendo ao valor desagregado directo e ao indirecto.

O **valor social de mercado directo** xerado por Dano Cerebral Galicia través da actividade económica ascendeu en 2022 a **231.179,65 €**. Esta cifra xorde do cálculo do valor social achegados aos diferentes grupos de interese a través de salarios, seguros sociais, gastos por colaboracións e do órgano de goberno, IRPF e amortizacións, entre outros aspectos. A principal fonte de información para chegar a este cálculo foi a conta de perdas e ganancias do exercicio 2022. Na gráfica da dereita só se recollen as principais magnitudes.




A continuación, calcúlase o **valor social de mercado indirecto**, que suma un total de **22.997€**. Este alude ao **valor mobilizado a través de compras a provedoras** (18.161,03 €) e de **investimentos** (4.835,57 €). En ambos os dous casos emprégase a base de datos SABI (que contén información xeral e contas anuais de máis de dous millóns de empresas españolas) para estimar o valor xerado a través destas operacións ás persoas traballadoras, á administración a través de impostos ou o retido polas organizacións a través dos resultados.




5.1.1. Distribución do valor social de mercado

Na seguinte imaxe represéntase a distribución do valor aos grupos de interese a través de transaccións económicas. O sumatorio do valor achegado a cada grupo de interese é superior ao total do valor social de mercado, xa que se inclúe o valor xerado ás persoas e entidades provedoras.



5.2. Valor social de non mercado

O valor social de non mercado calcúlase a partir do conxunto de variables identificadas polos grupos de interese de Dano Cerebral Galicia, posteriormente transformadas en indicadores monetizables. Na seguinte imaxe represéntase a distribución do valor social de non mercado en función das 12 variables de valor.



5.2.1. Distribución do valor social de non mercado


Ao analizar as variables de valor apréciase que catro delas (visibilización, colaboración coas admon. públicas, xestión integral de subvencións e formación) concentran o **88% do valor social de non mercado** xerado. Todas elas son, ademais, variables percibidas como aspectos significativos por máis dun grupo de persoas e axentes.

Esta coincidencia na identificación das actuacións valiosas de Dano Cerebral Galicia reflicte a diversidade de perfís cos que se traballa e interactúa e, por tanto, perfila a existencia de valores compartidos. Na seguinte imaxe represéntanse aquelas variables que son compartidas por máis dun grupo de interese.



5.3. O retorno económico

O **financiamento** de Dano Cerebral Galicia no exercicio 2022 ascendeu a **1.319.910 €**. Tendo en conta este dato, é importante avaliar o uso que se fai dos fondos recibidos e, particularmente, das subvencións, a principal fonte de ingresos. Nese senso, cómpre ter en conta que o **78% do total das subvencións son transferidas** ás asociacións federadas. Na seguinte imaxe represéntanse as principais fontes de financiamento da Federación.




Nunha organización como Dano Cerebral Galicia, na que se xera valor tanto a través de actividades de mercado como de non mercado, comparar o valor social integral xerado con respecto ao financiamento total e público permite analizar a **eficiencia no uso destes fondos**.



O valor '1' marca o límite entre o uso eficiente ou non dos recursos.

Por cada euro que mobiliza do seu orzamento, Dano Cerebral Galicia xera 3,20 €

Por cada euro procedente de fondos públicos que xestiona, Dano Cerebral Galicia xera 3,80 €



En termos absolutos, o **retorno ás administracións** públicas xerado pola actividade de Dano Cerebral Galicia foi de **423.972 €**, dos que un **82,87%** correspóndese co **valor social de non mercado**.

6. CONCLUSIONES

Xerar valor social non vai en detrimento de producir valor económico. Moi ao contrario, os resultados do estudo sinalan que o **impacto das actividades e servizos** prestados por Dano Cerebral Galicia é **tres veces superior ao valor social de mercado**.

Ademais, as variables que maior valor achegan aos grupos de interese coinciden con **liñas estratéxicas da Federación**. Atendendo á **distribución do valor social**, obsérvase que variable con maior peso económico, a visibilización, é transversal á busca da consolidación da Federación como referente na atención ao dano cerebral en Galicia, así como a da difusión do coñecemento desta discapacidade a través da sensibilización e a prevención.


Tanto a visibilización como as outras dúas variables de valor con maior peso ('colaboración coas administracións públicas' e 'xestión' integral de subvencións) coinciden cos **eixos de acción máis consolidados** da Federación, desenvoltos desde a súa constitución. Á vez, unha área de actuación de recente traxectoria, a **formación**, sitúase entre os principais aspectos de valor para os grupos de interese, o que permite considerar que a aposta da Federación por dotar de relevancia á capacitación no marco do seu plan estratéxico é ben recibido socialmente.

Por outra banda, o resultado do **valor social inducido** evidencia a importante función que desempeña Dano Cerebral Galicia no sostemento do movemento asociativo. Cómpre sinalar que o rol da Federación no proceso de transferencia de fondos non se limita a súa canalización, senón que tamén abrangue o relativo á solicitude, xustificación, seguimento e auditoría dos mesmos. Unhas tarefas que, en termos monetarios, acadan un valor case equíparable ao do valor social integrado.

Finalmente, no que se refire á **devolución económica** xerada pola Federación no uso dos fondos públicos que recibe, é destacable a gran capacidade multiplicadora do labor realizado. Segundo as ratios obtidas, Dano Cerebral Galicia devolve á sociedade os cartos que recibe a través de financiamento público de forma moi significativa, xerando un **retorno social de 3,80 euros** por cada euro mobilizado.

En conxunto, as diferentes medicións supoñen un importante insumo para que a Federación axuste as súas actuacións á **consecución da misión fundacional**, pero deben entenderse aínda como un **punto de partida** a partir do que continuar traballando nos vindeiros anos. Debido a que se trata do primeiro exercicio no que se avalía de forma independente a contabilidade social da Federación, non se pode establecer unha comparativa cun período o suficientemente amplo como para describir unha visión máis global.

A consolidación do emprego desta metodoloxía a curto e medio prazo permitirá que os resultados sexan máis significativos e contribuirá a que a Federación siga a mellorar a transparencia e a comunicación coas persoas, entidades e institucións coas que se interactúa.



Rúa Galeras 17, 2º, oficina 5
15705 Santiago de Compostela
881 943 148

